



Resolución do 14 de outubro de 2024, do tribunal designado para cualificar as probas dirixidas á obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril, pola que se determinan as datas, o lugar e os horarios de realización dos exercicios correspondentes á obtención do certificado.

O tribunal designado para cualificar as probas dirixidas á obtención e renovación do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril, convocadas mediante Resolución do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Mobilidade ([DOG nº 142 data 23 de xullo de 2024 do DOG), acordou, de conformidade co disposto na base oitava da mencionada resolución:

Primeiro.- As probas correspondentes á obtención do certificado de conselleiro de seguridade para o transporte de mercadorías perigosas por estrada e por ferrocarril terán lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid 2-4, Fontiñas, Santiago de Compostela.

Os ditos exercicios realizaranse o vindeiro día 06/11/2024 nos horarios e aulas que a continuación se sinalan:



Probas obtención			
clase	obtención	aula	horario
Todas as clases	obtención	Salón de actos	9:00h - 11:00h
clase 1	obtención	Salón de actos	9:00h - 11:00h
Clase 2	-----	-----	-----
clase 3 e máis	obtención	Salón de actos	13:00h- 15:00h
Materias líquidas	obtención	Salón de actos	16:00h - 18:00h
ferrocarril	obtención	Salón de actos	11:00h - 13:00h

Segundo.- Para os efectos de proceder á realización dos correspondentes chamamentos, os aspirantes deberán presentarse ás probas 15 minutos antes do comezo de cada exercicio.

Terceiro.- Os interesados serán convocados para cada exercicio en chamamento único, resultando excluído da súa realización quen non compareza.

Cuarto.- Os aspirantes excluídos por non comparecer no momento do chamamento non terán dereito a que se lles devolvan os importes aboados en concepto de dereitos de exame.

Quinto.- Os aspirantes terán que se presentar ás probas provistos do orixinal do seu documento nacional de identidade ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En caso contrario, non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen os exercicios. Tales aspirantes excluídos non terán dereito



a que se lles devolvan os importes aboados en concepto de dereitos de exame.

Sexto.- As persoas aspirantes poderán consultar textos normativos en formato papel para realizar a parte práctica deste exercicio, sempre que neles non figuren comentarios ou resolución de casos prácticos. Así mesmo, poderán ir provistos de máquina calculadora sen memoria RAM para efectuar as operacións matemáticas que cumpran. Non se admitirá o emprego de tablets nin teléfonos móbiles .

Prégase que os aspirantes comparezan ao exame provistos de bolígrafo azul ou negro.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024
A Presidenta do Tribunal
Marta Vázquez Sanjurjo